

A señora realidade

O outro día, no Paseo de Gracia, abordoume unha gran señora desas que levan chapeus con flores e plumas e vestidos de tea grosa, de cor rubia. Levaba un paraugas na man e as lentes bailábanlle enriba do nariz.

Achegóuseme con paso decidido e soltoume a queimarroupa:

—É vostede ese señor que asina Pep Albanell e escribe eses contos tan... hum!, tan fantásticos?

—Si, señora, son.

—E sabe vostede que os nenos os hai que respectar moitísimo?

—Si, señora, sei.

—E vostede respecta os nenos?

—Si, señora, respéctoos.

—Pois non o parece!

—Si, señora...

—Nin si señora nin nada, escritorucho de pouca sona! Aos nenos hai que lles dicir sempre a verdade.

Tense que escribir a verdade. A realidade! Só a realidade! E esquecer todas esas parvadas fantásticas que non fan máis ca prexudicalos e encherlles a cabeza de embustes e bobadas!

E dicindo iso arrancou un anaco da realidade que daquela pasaba pola rúa e botoumo enriba.

O anaco de realidade era tan grande e pesado que guindou comigo no chan e co golpe quedei sen folgos.

Á señora non lle debeu abondar e seguiu a arrancar cachos de realidade e a tirarmos á cabeza. Fíxome uns cantos negróns de consideración.

Cando cansou de darme trompazos —mellor dito, «realitazos»—, o meu corpo estaba cheo de mazaduras. Collín os anacos de realidade que me guindara e comecei amasalos devagar coas mans.

A muller quedou mirando para min cos ollos coma pratos. Seica non sabía que a realidade que me botara enriba era modelable coma a arxila e que, coma á arxila, había que humedecela cun pouco de imaxinación.

Xa que logo, amasei aqueles anacos de realidade e convertinos nun unicornio voador e regaléil-lelo aos rapaces dun colexio que naquel momento pasaban por alí.

Os rapaces continuaron máis alegres ca unhas castañas.

A señora resollaba coma o trombón da banda municipal. Para consolala, pregunteille:

—Dígame, señora: é que acaso ten señardade da realidade a señora do señor?

Ela, mirándome dun xeito estraño, respondeu-me:

—Non, señor, non ten señardade da realidade a señora do señor.

—Ah! —respondín—. Pois daquela non dixen nada.

Marchei. Ela tamén. Ía murmurando:

—Non che hai nada que facer, estes escritores están tolos, tolos, tolos.

Cousas que pasan

Unha mañá atrancouse o espertador e non tocou. Cando abrín os ollos eran xa as once e media: ía chegar ao traballo cun atraso de moito pendello. Ao querer vestirme precipitadamente metín as dúas pernas na mesma perneira do pantalón e comecei a dar tiróns ata que quedei coa metade do pantalón nas mans e a outra metade nos pés. Saquei outro pantalón do armario e púxeno con todo coidado, unha perna en cada perneira, a bragueta de cremalleira no medio, e cerreina de golpe, cun movemento rápido e enérxico. Demasiado rápido e demasiado forte, porque subiu a cremalleira desde a bragueta á gorxa. Quero dicir que quedei tamén coa cremalleira nos dedos. Estiven a dubidar un bo anaco se saír á rúa en calzóns ou non.

Ao final pensei que se quería chegar ao traballo, aínda que fose con atraso, convíñame poñer uns pantalóns. Na terceira tentativa triunfei. O pantalón que puxen estaba vello e remendado, pero facía o seu papel. Con el posto, e ben amarrado, corrín á cociña. Coas présas, non calculei ben e batín de cabeza contra o marco da porta. Tocándome o croque, abrín a neveira tan torpemente que tirei todos os ovos da oveira. Ao ir coller o leite, escorreguei na poza de ovo e caín de cu ao chan, ao mesmo tempo que o leite saía disparado cara arriba e me caía enriba coma unha choiva de abril. Enchoupado de leite e co cu chorreando ovo, decidín almorzar outro día. Baixei as escaleiras máis rápido ca nunca, pero de cabeza. Polo visto, coas présas e a confusión, esquecera atar os amallós dos zapatos e, ao baixar o primeiro chanzo, piseinos. Pisalos, caer e baixar de cabeza foi todo un. Malia isto, cheguei abaixo sen romper óso ningún. Fixen unhas cantas mazaduras e algunha que outra rabuñadura, pero, no entanto, pensei que tivera sorte, considerando a mala serie que arrastraba aquela mañá. Asomei

o nariz á rúa un tanto medorento, mentres falaba entre dentes:

—Xa só falta que me caia o sol na cabeza.

Nin que o dixese antes! Ía un sol espléndido. Alí estaba, no ceo, redondo e brillante. Pero, tan axiña como puxen o pé fóra do portal da miña casa... Plaff! O sol desprendeuse da bóveda celeste e caeu veloz e cheo de malas intencións. Pero, como eu xa estaba previsto, non me pillou por sorpresa. Quero dicir, que dei un chimpo de costado e así puideron evitar que me sacudise de cheo. De todos os xeitos, deume de esguello e partíume unha orella. Unha orella partida non é gran cousa. O peor de todo foi a escuridade: en pleno mediodía, o mundo estaba máis escuro ca unha noite sen lúa.

Moitas persoas viran como o sol caía directamente cara a min e fixéronme responsable da desgraza. Pero, ao ver que me atopaba ferido, cunha orella partida por dous sitios, leváronme ao hospital, onde ma coseron á luz dunha candeia e, acto seguido, conducíronme ao cárcere. Os xornais, que só se podían ler á luz dunha lanterna, dicían que as autoridades estaban dispostas a ser

inflexibles comigo, que se me pedirían danos e perdas e que me haberían de botar, como mínimo, unha condena de varios anos. E eu cos pantalóns vellos, remendados e sucios de leite e ovo!

Con todo, tiven sorte. O consorcio de fabricantes e vendedores de candeas, pilas, baterías, lanternas, lámpadas de butano e outros dispositivos polo estilo, que facían o seu agosto grazas á caída do sol sobre a miña cabeza, custeáronme o mellor avogado do mundo, o cal, coa súa extraordinaria verborrea legalista, aparvou o xurado e o tribunal de tal xeito que, ao rematar o xuízo, non só non me condenaron nin a un día de cadea, senón que me declararon heroe mundial.

Saín do caldeiro con moito bombo e unha procesión de fachos. Os do consorcio da luz, non contentos con liberárenme da prisión, reuníronse con toda urxencia e acordaron darme unha porcentaxe dos beneficios obtidos coa escuridade xeral e ininterrompida e, ademais, contrataron o mellor escultor do momento para que me fixese unha estatua. O artista veume ver á casa e estívome observando durante moitas horas. Ao final dixo

que eu non era moi estatuaxénico, e que unha estatua da miña persoa non quedaría nada ben.

Con todo, o escultor namorouse da miña orella partida, que, malia que fora amañada, lucía unha forma sumamente estraña. Así pois, fixo un monumento cunha reprodución grandiosa, en pedra tallada, da miña orella deforme. Era horrible. A xente, cando pasaba xunto a el, persignábase e rezaba xaculatorias.

Despois da inauguración do monumento, un representante do consorcio da luz entregoume un enorme saco; estaba acugulado de billetes de cincocentos euros. Era a miña parte dos beneficios. Ao principio, eu non quería aceptar aquela morea inacabable de billetes, pesaba demasiado e ía ter serias dificultades para levalo á casa. Pero o home dixo que se enfadarían se non o aceptaba e, como eu non lle sei dicir a ninguén que non, carguei como puiden co saco e marchei con el. Pasei días e días pensando o que ía facer con tantos cartos. Ao final, acendéuseme a lámpada: contratei todo un exército de guindastres, elevadores e outras máquinas polo estilo e, a base de cables, postes

e poleas, conseguimos volver izar o sol ata o lugar onde lle correspondía estar. E volveu ser de día.

Os do consorcio retiráronme a súa amizade e fixeron xestións para derrubar o monumento. A amizade e mais a comisión sobre as vendas puidéronmas quitar, pero o monumento non conseguiron derrubalo. A xente xa se afixera a el. Ademais, xogábase a adiviñar o que representaba. Había respostas de todo tipo: desde os que dicían que era san Xurxo cortándolle o rabo ao dragón, ata os que afirmaban que era o presidente do Fútbol Club Barcelona facendo unhas declaracións á prensa. Convocáronse premios ás mellores interpretacións do monumento e un editor moi listo fixo unha selección e publicouna en forma de libro. Foi un grande éxito de venda: o mellor libro cómico do ano.

Namentres, eu volvín ao traballo. Cheguei cuns cantos meses de atraso. O encargado esperárame con moi mala cara pero, cando llo expliquei todo, amosouse bastante comprensivo e só me esixiu que cambiase os pantalóns dicindo que daban noxo. E levaba toda a razón.